



Expte. 36223/220

INFORME-TÉCNICO

Ao expediente 33223-220 anéxase a data de emisión do presente informe os seguintes documentos e informes:

Achégase ao expediente a seguinte documentación:

- Ocupación por estrutura organizativa
- Custo total por estado de cobertura
- Retribucións dotacións segundo oficina e programa
- Cadro de persoal ano 2021
- Informe técnico anteproxecto orzamento 2021
- Informe técnico de sustentabilidade
- Informe técnico respecto das modificacións introducidas no documento presupostario do ano 2020.

Relaciónanse co mesmo os expedientes 6520/241 (200166601) e 47014/446 (200098523).

En data 07/08/2020, dase traslado ao técnico de organización e planificación de RR.HH e a técnica de avaliación e formación de RR.HH, as indicacións sobre custes de persoal no orzamento do ano 2021, asinado pola Superior Dirección Orzamentaria e Contable e conformado polo Concelleiro Delegado da Área.

Indicase no mesmo, que como consecuencia da variación efectiva do PIB, o capítulo 1 do Orzamento "terá que ser axustado á baixa nos conceptos retributivos e nos de Seguridade Social nun 0,46%, que a súa vez, será aplicado a outros conceptos con déficit".

Por outra banda, apuntase que "A documentación que se remita, deberá ter reflectidos os cambios que se produciron ata a data. Con posterioridade á mesma, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto**, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xenere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2021, en consecuencia os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, unha vez que se formen os datos para o Orzamento 2021, deberán diferirse ao ano seguinte. Si o acordo se adopta no ano 2020, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos deberán conter esta condición."





AREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACION

Indícase así mesmo e en relación ás **prazas que non estean asociadas a ningunha Oferta de Emprego Público, suxírese a** avaliación técnica e da oportunidade política, de acometer una racionalización das mesmas, mediante un proceso de amortización e creación de prazas axeitadas aos obxectivos do lexislador”

Apúntase que “tomando como base certa, a escasa ou **nula posibilidade de crecemento real dos recursos orzamentarios**, as melloras de cada servizo, coa excepción dunha imposición organizativa por mandato legal, deberán ser obxecto de **autofinanciamento**, é dicir, cos axustes do propio servizo, deste xeito, non se limita a mellora técnica dos outros servizos, as variacións do gasto, en termos xerais, van a ser basicamente de tipo cualitativo.”

Con ditas indicacións procédese a tramitación de expediente administrativo tendente á elaboración, no contexto do marco legal vixente, do borrador de anteproxecto de Capítulo I de gastos en materia de persoal para o ano 2021, incluíndo os informes técnicos necesarios, xunto con aqueles procedentes, aos efectos da súa remisión á unidade responsable da formación do Proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio 2021, procedendo en primeiro lugar ao cotexo e depuración dos postos incluídos na RPT do programa GINPIX, toda vez que estes son a base de calculo do proxecto de orzamento para o ano 2021.

Non consta no expediente de referencia, orde de servizo asinada pola concelleira-delegada da Área.

Deste xeito e a vista das indicacións da Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación procédese a actualización dos custes do capítulo 1 que son obxecto de aplicación para o proxecto de orzamentos do ano 2020, nos conceptos 100, 110, 120, 121, 130 e 160.

En relación ao porcentaxe de actualización dos Gastos de persoal non se realiza incremento algún sobre as retribucións dos postos vixentes en agosto de 2020, supoñendo una variación de axuste a baixa do 0,449% sobre o orzamentado no ano 2020 nas aplicacións 120, 121, 130.

Con respecto ao concepto 160 se manteñen os topes máximos contemplados no orzamento do ano 2020, procedéndose así mesmo aos axustes respecto das porcentaxes de cotización das 323 vacantes existentes segundo os informes técnicos que figuran no expediente 36440/220 relacionado co presente expediente.

En consecuencia e de acordo coas directrices proporcionadas pola Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación, a vista do artigo 172.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, elabórase informe técnico no que se recolle o importe do Capítulo I de Gastos para o vindeiro ano 2021, que ascende a un total de 70.028.171,00€ o que supón un incremento CERO, respecto do mesmo capítulo do orzamento do ano 2020.

En relación co referido borrador cumpre informar o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/10/2020 08:16

Páxina 2 de 8


Expediente 36223/220

CSV: 2BEC89-2A57B7-8D33BD-CZKFS-FNEN22-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



1. Aplicación orzamentaria 92001400000



- Datos 2020 Sept

Indicar que o crédito inicial co que se dota a aplicación orzamentaria 92001400000 “funcionarios interinos” sempre é menor ao gasto autorizado no exercicio orzamentario. Así, nos exercicios precedentes :

	Crédito Inicial	Gasto autorizado	Obligaciones reconocidas	Pagos ordenados
2015	151.064,64 €	2.103.107,30 €	2.103.107,30 €	2.103.107,30 €
2016	380.000,00 €	2.699.444,60 €	2.698.530,96 €	2.698.530,96 €
2017	200.000,00 €	2.485.731,81 €	2.400.459,84 €	2.400.459,84 €
2018	200.000,00 €	4.392.984,42 €	4.091.204,27 €	4.091.204,27 €
2019	578.742,75 €	3.527.615,04 €	2.980.724,83 €	2.980.724,83 €
2020	767.629,27 €	2.339.099,07 €	1.294.008,99 €	1.294.008,99 €

Datos ano 2020 a sept 2020

Para o vindeiro exercicio xa se ten comprometido gasto correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que que finalizan o vindeiro ano e nomeamentos interinos por programas dacordo co artigo 10, apartado 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro a cantidade de 466.113,86€ ata a data de emisión de informe , salvo erro u omision, unha vez realizada nova fiscalizacion do expediente 35339/220, “Programa de modernización interna e mellora na xestión da Área de RRHH e Formación polas modificacións introducidas nel en canto ao persoal participante,

Tal e como figura nos informes técnicos anexados nos expedientes antes referidos os importes dos AFUTs que xeneran os mesmos, deberían ser incluídos nesta partida orzamentaria xa que de non facerse o crédito podería ser insuficiente para acometer novos nomeamentos interinos nos primeiros meses do vindeiro exercicio.

Indicar tamén que o crédito xa comprometido a data de hoxe na presente aplicación para o ano 2022 é de 140.350, 60€, unha vez realizadas as rectificacións indicadas no paragrafo anterior





AREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACION

Recordar que as cantidades referidas aos créditos dos postos vacantes veranse reducidas en función da execución das ofertas de emprego pendentes e, que será utilizable como recursos para a tramitación das preceptivas modificacións orzamentarias para complementar ésta e outras aplicacións co obxecto de dotalas de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura ás necesidades que xeran os acordos adoptados.

2.- Aplicación 920.0.1410000

En relación coa partida partida 920.0.1410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais", propónse un crédito inicial de 72.000,00 €,

No vixente orzamento o crédito inicial foi de 72.000,00€, habéndose autorizado gasto por importe de 35.516,68€ e, realizáronse retencións de crédito por importe de 36.516,69€, a data de emisión do presente informe.

001410000	crédito Inicial	Modificacións	P total	Crédito disponible 31/12
2015	50000	50000	10000	-50951,99
2016	65000	298000	363000	14078,84
2017	72000	52184,3	124184,3	-66856,52
2018	72000	49343,07	121343,07	-53235,54
2019	72000	112684,54	184684,54	17580,71
2020	72000		72000	8932,44

Datos 2020 Sept

Ao igual que no punto anterior, deberá preverse a pertinente modificación de crédito non utilizado de postos vacantes, no caso de ser insuficiente a dotación inicial da mesma.

3.- Aplicación 920.0.1430001

En canto á aplicación 920.0.1430001, cunha dotación inicial no orzamento do ano 2021 de 1.221.141,37€, considérase que o crédito é inicialmente suficiente, para o aboamento das retribucións dos 39 traballadores indefinidos que na actualidade contan con relación laboral indefinida non fixa.

O crédito inicial do orzamento 2020 foi de 1.221.141,37€, téndose recoñecido ata a data (nomina agosto), obrigacións por importe de 790.218,94€, polo que estimase un gasto a 31/12/2020 de 1.197.141,37€.

4.- Aplicación 920.0.1500000

No anteproxecto de orzamento 2021, o crédito inicial da partida 920.0.1500000 establécese nun importe de 400.000,00 €.

Con cargo a dita partida estimase un gasto polo aboamento dos complementos de produtividade contemplados nas instrucións de plantilla de 120.000,00€ anuais, así como o





AREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACION

correspondente a outras posibles complementos de produtividade que poidan ser aprobados polo órgano competente que suporía aproximadamente 350.000,00€.

Por outra banda , é necesario ter en conta que o gasto imputable a aplicación orzamentaria 920.0.150.0000-Produtividade inclúe as xornadas autorizadas dentro dos programas de dispoñibilidade así como outras produtividades aboadas a persoal de distintos servizos (extinción de incendios, policía local, cemiterios, laboratorio municipal) polo especial rendemento e interese demostrado.

A data de emisión do presente informe a situación da aplicación orzamentaria é a seguinte:

crédito Inicial	Modificacións	P total	Crédito disponible sept 2020	Gasto autorizado	Obligacións reconocidas	Pagos ordenados
400.000,00€	1.250.125,03 €	1.650.125,03€	409.315,66 €	1.228.809,37 €	1.060.886,17 €	1.060.886,17 €

Como xa se ven indicando, deberá preverse as pertinentes modificacións de créditos non consumidos de postos vacantes, no caso de ser insuficiente a dotación inicial da mesma, previa a adopción de acordos que supoñan imputación do gasto a devandita partida .

5.- Aplicación 920.0.151.00.00

O crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capitulo I de gastos do Orzamento 2021 é de 400.000,00€.

No presente exercicio económico, a data de hoxe autorizouse gasto por importe de 1.522.513,11 €, estimándose necesaria a realización de modificación de crédito a alza por importe aproximado de 250.000,00€

A evolución do gasto dos derradeiros anos é a seguinte :

92001510000	crédito Inicial	Modificacións	P total	Crédito disponible 31/12	Gasto autorizado
2015	500.000,00 €	988.861,56 €	1.488.861,56 €	10.075,25 €	1.478.786,31 €
2016	500.000,00 €	1.232.515,87 €	1.732.515,87 €	3.493,36 €	1.727.906,07 €
2017	400.000,00 €	1.361.998,61 €	1.761.998,61 €	73.720,31 €	1.688.278,30 €
2018	400.000,00 €	1.503.461,90 €	1.903.461,90 €	25.593,11 €	1.877.868,79 €
2019	400.000,00 €	1.564.440,01 €	1.964.440,01 €	19.093,11 €	1.945.346,90 €
2020	400.000,00 €	1.288.158,84 €	1.688.158,84 €	165.645,73 €	1.522.513,11 €

*Datos 2020 sept

En canto as contías máximas do gasto imputable aos conceptos de produtividade e gratificacións estarase ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento que se aproben para o ano 2021 , segundo os porcentaxes dispostos no Real Decreto 861/1986, polo que deberan adoptarse as medidas oportunas para que o gasto anual nas devanditas partidas non superen os limites fixados.





AREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACION

6.- Respecto da partida de Seguridade Social a cargo da empresa, cun crédito inicial fixado na cantidade de 15.751.449,39€ que engloba o custo dos seguros sociais dos postos da vixente R.P.T., do Plan de Emprego Municipal, programa DUSI, nomeamentos interinos sen praza, así como a dos membros da corporación con dedicación exclusiva e parcial, faise constar que a mesma recolle o custe das cotizacións dos empregados polas súas retribucións fixas (soldo inicial e antigüidade e o importe do complemento de destino e específico), así como a achega municipal ao plan de pensións, descoñecendo neste intre as posibles variacións que se podan incluír na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano.

Os cálculos realízanse sobre os topes máximos do ano 2020, nembargantes non se inclúe no custe das 323 prazas vacantes , a porcentaxe correspondente ao Fondo de Desemprego, en base aos informes que figuran no expediente 36440/220 relacionado co presente expediente.

Calquera outra retribución devengada (gratificacións, produtividade, nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, etc) terá a súa repercusión na súa base de cotización e conseguintemente no custe de seguridade social.

Lémbrese que este Concello está acollido ó Sistema de Relación Contable, o que implica o ingreso dunha contía fixa mensual que para o ano 2020 estableceuse en 1.321.243,00€ mensuais.

7.-Aplicación 2210.1610400

Con respecto a partida 2210.1610400 “Indemnizacións por xubilación anticipada”, a entrada en vigor do Real-Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, donde se regula a xubilación anticipada dos policía locais ven a supoñer un importante incremento do gasto imputable a mesma, ao que debe de engadirse o xa contemplado no Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor do persoal do servizo de Extinción de Incendios .

A estimación é que no ano 2021 poderán solicitar, de xeito aproximado, dita indemnización arredor de 36 efectivos. No caso de que o crédito inicial de 41.121,04€ non fora suficiente, deberase , como nos casos anteriores, proceder as modificacións orzamentarias necesarias.

22101610400	crédito Inicial	Modificacións	P total	Crédito disponible 31/12	Gasto autorizado
2015	17.000,00 €		17.000,00 €	- 24.860,37 €	41.860,37 €
2016	40.134,15 €	152.000,00 €	192.134,15 €	65.268,80 €	126.865,35 €
2017	41.121,04 €		41.121,04 €	- 106.727,99 €	71.119,79 €
2018	41.121,04 €	43.584,00 €	84.705,04 €	- 117.936,28 €	87.948,12 €
2019	41.121,04 €	405.269,73 €	446.390,77 €	99.367,32 €	338.408,94 €
2020	41.121,04 €	173.101,04 €	214.222,08 €	38.787,62 €	175.434,46 €

*Datos 2020 a sept 2020



**CONCLUSIÓNS**

Tendo en conta o número de postos vacantes existentes neste intre, que ascende a 323, entre as que se atopan as incluídas nas Ofertas de Emprego publico pendentes de execución, as aplicacións orzamentarias anteriores cun gasto posiblemente maior ao presupostado inicialmente, terían a cobertura orzamentaria necesaria, mediante as pertinentes modificacións de créditos coa baixa dos créditos non consumidos dos postos vacantes ata as datas de execución das devanditas ofertas pendentes, sen prexuízo da posibilidade de racionalización do orzamento mediante a amortización das prazas non necesarias e o incremento de ditos créditos nas aplicacións deficitarias.

De todos os xeitos deberían terse en conta as seguintes observacións:

- Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a incorporación deste persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.
- O cumprimento rigoroso dos procedementos legais que eviten as reclamacións que ocasiona o aboamento de indemnizacións por sentenzas xudiciais e evite prexuízos posteriores nas arcas municipais.
- A necesidade de realización dun exercicio de responsabilidade por parte de tódolos integrantes da organización municipal co obxectivo de optimizar ao máximo os recursos humanos existentes.
- A adopción de medidas de racionalización, reestruturación e optimización de recursos humanos incluíndo o fomento da mobilidade e da rotación do persoal, nos diferentes departamentos e servizos, baseándose en criterios de eficacia e eficiencia, realizando un correcto aproveitamento dos mesmos que supoña un aforro e unha optimización do persoal, valorando o capital de coñecementos da estrutura e utilizándoos para un bo funcionamento da Institución pública, en resumo o aproveitamento dos coñecementos do Cadro de Persoal en beneficio das arcas municipais.
- A adopción de medidas de redución do gasto imputable a partida de produtividade. A dotación inicial da mesma, posibilita afronta-los gastos ocasionados por aquelas situacións habituais contempladas nas vixentes instrucións do Cadro de Persoal. Calquera outra proposta con gasto imputable a dita partida deberá ser analizada, informada e proposta ao órgano competente para resolver pola Area de Recursos Humanos e Formación, centro xestor do gasto.





AREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACION

- Proponse a revisión dos criterios en canto a autorización de exceso de xornada ao persoal dos servizos municipais ao obxecto de reducir o gasto por este concepto e estes se fagan extensibles ao persoal dos Servizos da Policía Local e Extinción de Incendios.
- Así mesmo, recoméndase que por parte da Tenente de alcalde e Concelleira delegada da area de Empresa, Economía, seguridade e Organización Municipal se ditén as oportunas instrucións para que por parte das xefaturas dos servizos se realicen os axustes necesarios en canto a do persoal, simplificación de cargas, reparto de tarefas, distribucións de quendas nos e cantas medidas sexa posible aplicar aos efectos de eliminar ou reducir o máximo posible os gastos imputables a estas partidas orzamentarias (produtividade, gratificacións por servizos extraordinarios, programas de dispoñibilidade, etc).

En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capítulo I de gastos respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento e sendo de cumprimento obrigatorio o previsto na vixente Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

EFC/SEI

Vigo, data de sinatura electrónica

A TÉCNICA DE AVALIACIÓN E FORMACIÓN DE RR.HH.- Sonia Estrada Ibáñez

O TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E FORMACIÓN DE RR.HH.- Ezequiel Fernández Carpintero



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/10/2020 08:16

Páxina 8 de 8

Expediente 36223/220

CSV: 2BEC89-2A57B7-8D33BD-CZNFKS-FNEN22-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>